RESOLUCIÓN POLA QUE SE APROBA A LISTAXE DEFINITIVA DE PERSOAS ADMITIDAS E EXCLUÍDAS DAS BOLSAS DE TRABALLO DE PERSOAL INTERINO DOS CORPOS XERAIS DA ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA CONVOCADAS POLA RESOLUCIÓN DA DIRECCIÓN XERAL DE XUSTIZA DO 13 DE ABRIL DE 2026

En cumprimento do disposto no artigo 10 da Orde do 6 de marzo de 2026 sobre selección e nomeamento de persoal interino para cubrir postos de persoal funcionario dos corpos xerais ao servizo da Administración de xustiza en Galicia, así como no artigo 8 da Resolución do 13 de abril de 2026, da Dirección Xeral de Xustiza, pola que se convocan bolsas de persoal interino dos corpos xerais ao servizo da Administración de xustiza en Galicia, publicouse a Resolución pola que se aprobaba a listaxe resultante de persoas aspirantes admitidas e excluídas das bolsas de traballo de xestión procesual e administrativa, tramitación procesual e administrativa e auxilio xudicial, así como a súa baremación definitiva, e se concedeu un prazo de dez días hábiles ás persoas aspirantes que resultaron incluídas en bolsas de distintos corpos, ou en varias provincias da mesma bolsa, para que seleccionaran aquela na que desexasen quedar coa advertencia de que de non facelo, entenderíase que desistían de todas as súas solicitudes.

Transcorrido o dito prazo, feitas as eleccións polos aspirantes e de acordo á normativa citada,

RESOLVO:

Aprobar a listaxe definitiva de persoas aspirantes admitidas e excluídas das bolsas de traballo de xestión procesual e administrativa, tramitación procesual e administrativa e auxilio xudicial, e acordar a súa publicación no sitio web da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e na intranet de Xustiza.

Estas listaxes entrarán en vigor o día seguinte ao desta publicación e substituirán ás listas vixentes, que quedarán anuladas nesa mesma data, sen que isto supoña ningún dereito para os integrantes destas.

Con todo, e de acordo co artigo 10.7 da Orde do 6 de marzo de 2026, os nomeamentos de persoal interino que estean vixentes no momento da constitución das novas bolsas manteranse ata que se produza o seu cesamento.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso de reposición ante o Director xeral de Xustiza no prazo dun mes, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou recurso contencioso-administrativo ante a sección do contencioso-administrativo do Tribunal de Instancia competente no prazo de dous meses, de conformidade co

DIRECCIÓN XERAL DE XUSTIZA
Rúa Madrid, 2-4, 2ª planta
Polígono de Fontiñas
15781 Santiago de Compostela
T. 981 546217

As copias en papel deste documento teñen condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: yy3HoCaCJa92 https://sede.xunta.gal/cve

disposto no artigo 14 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, ambos os prazos contados a partir da data de publicación da presente resolución

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

O director xeral de Xustiza

José Tronchoni Albert

Asinado por: TRONCHONI ALBERT, JOSE FRANCISCO
Cargo: Director Xeral
Data e hora: 25/09/2026 09:04:34

As copias en papel deste documento teñen condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: yy3HoCaCJa92 https://sede.xunta.gal/cve

DIRECCIÓN XERAL DE XUSTIZA
Rúa Madrid, 2-4, 2ª planta
Polígono de Fontiñas
15781 Santiago de Compostela
T. 981 546217